

Bernardino Graña. *Himno verde*

Carlos L. Bernárdez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (2011 [1993]). “Román Raña. *Himno verde*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 171-173. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1262>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BERNÁRDEZ, CARLOS L. (1993). “Román Raña. *Himno verde*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 171-173.

* Edición dispoñíbel desde o 19 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Bernardino Graña. *Himno verde*
A Coruña: Edicións Espiral Maior

Carlos L. Bernárdez

A obra poética de Bernardino Graña tivo o seu comezo baixo a estética da “Escola da Tebra”, caracterizada polo predominio temático da angustia e da dor existencial, co *Poema do home que quixo vivir* (1958). Unha experiencia común á doutros compañeiros de xeración, a chamada, de maneira aínda pouco satisfactoria desde o punto de vista crítico, “Xeración das festas minervais”. Esta primeira poesía de Bernardino aproximábase á que fixeran poetas como Manuel María nos seus primeiros libros *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952) ou *Advento* (1954), tendencia que marca boa parte da poesía galega dos anos cincuenta. Pero desde o seu segundo libro, *Profecía do mar* (1966), o noso autor adquire un novo rexistro poético, que esquece o pesimismo anterior e adopta unha nova actitude. Desde entón a súa obra é un constante canto vitalista. En *Profecía do mar* o ambiente marítimo, os mariñeiros e as súas angueiras teñen un protagonismo central, nun poemario de grande unidade e no que abundan os versos que procuran a plenitude no contacto do home coa natureza, especialmente mantendo unha estreita relación co seu amado confidente mar, que é o fio conductor do poemario e que funciona como elemento vivificante, como auténtico sangue interior do poeta:

O mar máis longo
é o meu sangue.
O mar máis fondo
é esta canle
por onde eu vou.

Ese sangue de *Profecía do mar* convértese no seu último poemario, *Himno verde*, en seiva vivificadora, seiva que agroma nas metáforas amorosas da primeira parte do

libro “Brinde de rosas e amor” nas que natureza e amor se fusionan nun escintileo de esperanza, nun brinde gozoso, un canto á muller amada metamorfoseada en natureza vexetal, que representa a esperanza de vida coas súas pestanas-espadanas, cabelos-arboredas ou labios-ucas. O poeta mantén, como ó longo de todo o libro, o canto da vida e a preocupación ecolóxica, vinculada á vivencia do cotián, fenómeno que sempre estivo presente na súa obra, lémbrese a súa rexa voz erguida contra a destrución do mar en *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975). Quizais o desenvolvemento do tema da natureza e o amor sexa en exceso inxenuista, pero mantén en todo momento a vitalidade da autenticidade e a habelencia rítmica que salvan o poema e que sempre caracterizaron a poesía de Bernardino Graña.

Nesta primeira parte o hendecasilabo, verso moi habitual en libros anteriores, mantén o ritmo expresivo. Na segunda parte “Brinde da árbore antiga”, o alegato ecolóxico cárgase de simbolismo, de xeito que a árbore aparece como conservadora do pulo vital, dadora de vida, fronte ós intentos de destrución da natureza:

*Dentro, na árbore,
no máis peito,
polo arcano,
sei que hai lume,
bafo e canto.*

O tradicional simbolismo derivado do carácter vertical, ascendente, da árbore, serve ó poeta para manifestar a vitalidade e a elevación absoluta:

*Sobe ás nubes
vertical,
en goce,
voando.*

Na terceira parte “Os brindes-conxuros”, o autor deita o seu canto en fervenza fronte á morte: “Ante John Lennon, músico-poeta, asasinado en Manhattan”; fronte á destrución da natureza, o mar luxado, o aire contaminado, o monte aburado, a aldea destruída, desnorteada e sen rumbo:

*¡Que escoiten os que anden
por fóra da terra!
Hai moito silencio
en certas aldeas
que navegan soas,
sen Norte, sen meta...*

Só o canto comunal, solidario, fai reaxir (“Para beber auga e viño e estarmos xuntos”) e daquela pode renacer a esperanza compartida:

*Un cantar pola túa boca
pero un cantar comunal
non privado, solidario,
o verdadeiro cantar.
Pancada na alma caída,
abalo de espabilar,
sacando con viño as nubes
que entoldan o teu ollar.*

Remata o libro de xeito coral, cun himno esperanzado e ledó, no que triunfa a natureza, a vida, e mais o home sobre a “man negra” que incendia e luxa. O triunfo da vida sempre, desa seiva vivificadora que se impón e abrocha sobre o cadaval da morte.